

## **RENOVACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ESCOLA DE TEMPO LIBRE E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DON BOSCO**

En Santiago de Compostela a 29 de marzo de 2005.

Dunha parte D. **Xosé A. Sánchez Bugallo**, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, con C.I.F. P-1507900 G, e con domicilio en Praza do Obradoiro s/n. Na súa representación, D. **Elvira Cienfuegos López**, **Concelleira de educación e mocidade**.

Doutra parte D. **Francisco Rodríguez Míguez**, en calidade de Director da Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural **Don Bosco**, con C.I.F. 15229057, e con domicilio en Calzada de San Pedro 16, Santiago de Compostela.

Interveñen ambas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren.

### **MANIFESTAN**

O seu desexo de colaboración mutua en materia da promoción do programa europeo “Xuventude” e, en consecuencia

### **ACORDAN**

**PRIMEIRO.-** A Escola de Tempo Libre e Animación sociocultural **Don Bosco** e o Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago de Compostela conveñen en participar no proxecto **SERVICIO LOCAL DE ACCIÓNS DO PROGRAMA EUROPEO XUVENTUDE**, durante o ano 2005.

Este programa ten como obxectivos os seguintes:

- ⌘ Difundir o programa europeo xuventude entre a mocidade compostelá..
- ⌘ Asesorar a colectivos xuvenís para a realización de intercambios.
- ⌘ Coordinar o envío de mozos e mozas composteláns dentro do programa do Servicio Voluntario Europeo.
- ⌘ Coordinar a acollida de voluntarios/as europeos/as na nosa cidade desenvolvendo labores de intermediación con outras entidades da cidade.

**SEGUNDO.-** É responsabilidade do Departamento de Educación e Mocidade:

- ? O mantemento dun servizo de información xuvenil sobre o Programa Xuventude do que formaría parte unha oficina creada para esta función nos locais da Escola de Tempo libre Don Bosco.
- ? A acollida de persoas dentro do programa europeo SVE, para realizar tarefas de voluntariado no Departamento de Educación e Mocidade, respectando as funcións e o traballo dos voluntarios formulado na manifestación de interese correspondente, e proporcionándolles o apoio, e a formación técnica necesaria para a realización das súas funcións.
- ? A coordinación do programa dunha campaña informativa sobre o programa Xuventude nos centros de secundaria composteláns e outros colectivos de referencia da mocidade.
- ? Derivar ao centro Don Bosco aos/ás interesados/as en participar no Programas Xuventude.
- ? Apoiar activamente o desenvolvemento das actividades que se compoñan dentro deste programa.

**TERCEIRO.-** A Escola de tempo libre animación sociocultural Don Bosco responsabilizarase de:

- ? Mantemento dun servizo de atención ao público nos locais do centro, en horario de 5 a 8 h., de luns a venres, para atender demandas referentes ao programa Xuventude.
- ? Coordinación de programas de acollida para o Departamento de Educación e Mocidade dentro do programa SVE:
  - ⌘ Coordinación das tarefas administrativas
  - ⌘ Coordinación do aloxamento e a manutención dos voluntarios
  - ⌘ Coordinación da formación lingüística dos voluntarios.
    - ? Intermediación para proxectos e acollida de voluntarios europeos noutras institucións compostelás.
    - ? Coordinación de programas de envío de mozos composteláns dentro do programa SVE.
    - ? Dinamización do programa Xuventude entre a mocidade compostelá:
      - ⌘ Realización de materiais de apoio para a promoción do programa Xuventude.
      - ⌘ Campaña informativa sobre o Programa Xuventude nos centros de secundaria, colectivos xuvenís e outras entidades educativas e sociais.
      - ⌘ Asesoramento e apoio de calquera iniciativa sobre o programa xuventude para mozos e mozas composteláns.
- ? Ademais a Escola de Tempo Libre Don Bosco comprométese a facer referencia en todas estas actividades á participación do Departamento de educación e mocidade do Concello de Santiago de Compostela, mediante a inclusión do logotipo.

**CUARTO.-** Ambas entidades constituirán unha comisión de seguimento do programa e das súas diferentes actividades, con funcións de coordinación e avaliación. Reunírase a petición de calquera das dúas partes. Esta comisión será a encargada de redactar por escrito os acordos de reparto de responsabilidades en cada unha das actividades descritas anteriormente e das que se poidan xerar.

**QUINTO.-** Para o funcionamento do servizo de atención ao público, e para a difusión necesaria, ambas entidades acordan participar no seu funcionamento do seguinte xeito, segundo as seguintes previsións orzamentarias:

- ? O Concello de Santiago de Compostela aportará unha cantidade de 7.500 euros, 3.500 euros á sinatura deste convenio, e os 4.000 euros restantes á entrega da memoria final do ano elaborada pola Escola de tempo libre Don Bosco.
- ? A Escola de tempo libre Don Bosco aportará a cantidade de 9.000 euros.-

**SEXTO.-** O resto das actividades previstas, e as que se poidan xerar, terán un financiamento aparte, que ambas as dúas partes estudiarán como afrontar. A Escola de tempo libre Don Bosco ten a liberdade de procurar financiamento noutras administracións ou entidades.

**SÉTIMO.-** Este convenio terá unha duración dun ano, podendo ser prorrogado se non hai modificacións en contra polas partes.

As partes afírmanse e ratífanse no anteriormente acordado, asinando o presente convenio en proba de conformidade, a un só efecto e por duplicado, en Santiago de Compostela a 29 de marzo de 2005.

Elvira Cienfuegos López  
**Concelleira de Educación e Mocidade**  
**Concello de Santiago de Compostela**

Francisco Rodríguez Míguez  
**Director da Escola de Tempo Libre e**  
**Animación Sociocultural Don Bosco**

